

CIRCULAR MA-01-2024 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO, POLA QUE SE DITAN INSTRUCCIÓN PARA A PRESENTACIÓN DE PLANS DE XESTIÓN DE RECURSOS ESPECÍFICOS E DE ALGAS PARA O TRIENIO 2025-2027

Esta circular ten como obxecto facilitar a presentación e avaliación das propostas de plans de xestión para o trienio 2025-2027, de conformidade co Decreto 153/2019, do 21 de novembro.

Os plans de xestión son un instrumento de planificación contemplado no artigo 7 da Lei 11/2008 de Pesca de Galicia dentro das medidas de conservación e xestión do marisqueo. Os plans de xestión establecen o marco plurianual de medidas reguladoras da actividade marisqueira e teñen por obxecto desenvolver unha explotación sustentable dos recursos tendo en conta aspectos de carácter ambiental, social e económico, para iso establecen medidas de conservación e explotación dos recursos durante un período de tres anos para unha explotación sustentable destes nunha zona determinada, e inclúen obxectivos xerais e obxectivos operacionais con niveis de referencia e indicadores para o seguimento (artigos 3 e 16 do Decreto 153/2019).

A explotación de percebe realízase no marco de plans de xestión dentro dun ámbito territorial e coa previsión sobre o contido posible do plan establecida no artigo 13.2 do decreto, de poder reservar zonas de extracción para a semente de mexillón. Esta medida reguladora da actividade marisqueira responde a necesidade de protección e conservación do percebe en zonas intermareais concretas do ámbito do plan, ante a coexistencia de percebe e semente de mexillón nos bancos naturais e pola posible fricción ou afectación á conservación do percebe que se poida producir ao extraerse ambas especies. Isto supón que dentro do plan de xestión pode haber zonas nas que se poderá compatibilizar a explotación de percebe e semente de mexillón, permitindo a extracción de ambos recursos (ZEM) e outras zonas de explotación exclusiva de percebe (ZEP).

Os plans de xestión para recursos específicos e algas aprobados para o trienio 2022-2024 estableceron por primeira vez obxectivos biolóxicos, ecolóxicos e socioeconómicos así como un seguimento e avaliación dos indicadores establecidos e do grado de consecución dos obxectivos definidos.

Dada a importancia dos elementos mencionados considérase necesario manter a introdución dunha fase preparatoria no proceso de presentación dos plans de xestión trianuais para recursos específicos e algas 2025-2027, que se caracterizará pola análise do seguimento dos obxectivos aprobados nos plans de xestión 2022-2024 e por un asesoramento técnico previo á fase de presentación das propostas de plans de xestión.

NORMATIVA DE REFERENCIA E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS PARA OS PLANS DE XESTIÓN DE RECURSOS ESPECÍFICOS E ALGAS

1. Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas.



2. Decreto 15/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
4. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
5. Guía para a avaliación dos plans de xestión de marisqueo consonte o Decreto 153/2019. Consellería do Mar.
6. Prontuario para a avaliación dos plans de xestión de marisqueo. Consulta de dúbidas cotiáns na redacción e avaliación de plans de xestión de marisqueo baseados no decreto 153/2019. Consellería do Mar.
7. Formulario-Guía para a definición dos obxectivos e estratexias relacionadas. Consellería do Mar.
8. Plans de xestión marisqueira. Perspectiva ambiental e sistémica. Anexos perspectiva ambiental e sistémica. Consellería do Mar.
9. No-Couto, E & Parada, J.M 2022. Proposta para o establecemento dun sistema de seguimento da afectación do intermareal rochoso por extracción de cría de mexillón nos plans de xestión de percebe con zonas de explotación exclusiva de percebe (ZEP). Xunta de Galicia. Consellería do Mar. Informe técnico - biolóxico CIMA_RM2_2021_02.
10. No-Couto, E Parada, J.M. & Abella, E. 2022. Guía para a estimación rápida de porcentaxe de rocha raspada por extracción de cría de mexillón en intermareal rochoso. Xunta de Galicia. Consellería do Mar. Protocolo de traballo: PRO_CIMA_2022_01.

A documentación técnica está publicada na web da consellería do Mar:

<https://mar.xunta.gal/gl/o-sector/plans-de-xestion-e-biodiversidade>

FASE 1. ANÁLISE DO SEGUIMENTO DOS OBXECTIVOS, INDICADORES, NIVEIS DE REFERENCIA E ESTRATEXIAS DOS PLANS DE XESTIÓN 2022-2024 E PREPARACIÓN PARA O TRIENIO 2025-2027

Esta fase é preceptiva para as entidades que presenten plans de xestión e ten como obxectivo un proceso de diálogo e asesoramento co persoal técnico da consellería, a análise dos resultados do seguimento dos plans de xestión 2022-2024 e a súa preparación para o seguinte trienio.



A dirección técnica das actuacións será realizada polos xefes de sección de coordinación técnica dos departamentos territoriais da consellería do Mar. As asistencia técnicas das entidades, e no seu defecto o persoal que elabora os plans de xestión, participarán en xornadas individualizadas, conforme un calendario previsto para o desenvolvemento de reunións.

A estas reunións deberán levarse redactadas as propostas de obxectivos para os plans de xestión 2025-2027. As propostas serán adiantadas por correo electrónico ao persoal técnico da consellería con anterioridade á data de celebración da reunión.

Para a proposta dos plans de xestión de percebe no que atinxe a zonas ZEM só poderán empregarse obxectivos estandarizados, polo que no caso de pretender empregarse novos obxectivos deberán ser revisados e no seu caso, estandarizados con anterioridade á presentación da proposta de plan.

Por outra banda, os plans de xestión de percebe aprobados para 2022-2024 con zonas ZEM e zonas ZEP están suxeitos ao seguimento da afectación dos intermareais rochoso conforme ao protocolo establecido ao efecto¹. Polo tanto, no caso de pretender como contido posible dunha proposta de plan de xestión de percebe establecer as zonas mencionadas, estarase ao disposto no apartado B, número 6.1, letra a), punto 5.d desta circular.

O asesoramento técnico continuará durante esta fase ata a presentación dos plans de xestión, podendo realizarse as consultas necesarias para perfeccionar ou completar os obxectivos propostos.

¹ No-Couto, E & Parada, J.M 2022. Proposta para o establecemento dun sistema de seguimento da afectación do intermareal rochoso por extracción de cría de mexillón nos plans de xestión de percebe con zonas de explotación exclusiva de percebe (ZEP). Xunta de Galicia. Consellería do Mar. Informe técnico - biolóxico CIMA_RM2_2021_02.



FASE 2. PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS DE PLANS DE XESTIÓN DE RECURSOS ESPECÍFICOS E ALGAS 2025-2027

A. PRESENTACIÓN DE PLANS DE XESTIÓN

1. Os plans de xestión deberán presentarse **antes do 1 de outubro de 2024**
2. Presentarase **un plan de xestión para cada categoría de recurso específico** obxecto de explotación.
3. As solicitudes presentaranse a través da Sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>) mediante o formulario do procedemento normalizado [PE410A- Plan de xestión de recursos específicos](#).

As solicitudes virán asinadas pola persoa que exerza a representación legal da entidade e no caso dos plans conxuntos, polo representante legal da entidade nomeada como representante do plan ante a Administración.

4. **Xunto coa solicitude**, a través da SEDE electrónica deberán achegarse os seguintes documentos, que conforman a documentación necesaria da solicitude:

a) Plan de xestión e anexos correspondentes, unidos nun único arquivo .pdf.

O plan debe cumprimentarse de acordo co indicado nesta circular, mediante o Formulario Pexmar de recursos específicos, accesible a través da URL: http://www.intecmar.gal/Sigremar/Pexmar_RecursoEspecificos, achegando os anexos que se vaian indicando en cada apartado.

Na páxina web <https://mar.xunta.gal/gl/o-sector/plans-de-xestion-e-biodiversidade> dispórase dos seguintes anexos normalizados:

- Anexo_3_ Evolución da produción.
- Anexo relativo aos indicadores ambientais: Anexo 6.2.1. (Táboa de avaliación da información ambiental do plan: Anexo DMEM 11.1 - antigo FEMP 11.1).

b) Arquivo pexmar.txt do plan, exportado dende a web do formulario Pexmar

5. En todo caso os plans presentados deben incluír a documentación que acredite que foi aprobado pola agrupación sectorial, de estar constituída, e que recibiu o informe ou a aprobación, segundo o caso, do órgano competente da entidade asociativa.

A aprobación do plan será acreditada mediante certificado do órgano competente da agrupación sectorial, e non mediante as actas das asembleas.



No suposto de que o informe do órgano competente da entidade se aparte da proposta de plan aprobada pola agrupación sectorial, a entidade deberá xustificar os motivos de tal separación co obxecto de poder valorar ambos plantexamentos.

6. Os plans de xestión, ben sexan presentados por unha soa entidade ou sexan conxuntos, reflectirán os acordos existentes entre confrarías/entidades que podan afectar aos participantes iniciais e as zonas de traballo.

7. Os plans que se presenten por primeira vez ou que non foran aprobados con anterioridade deberán incluír o informe das entidades interesadas na mesma zona de traballo, se ben de ser o caso, poderá ser tido en conta que xa existan plans de xestión doutros recursos específicos aprobados á entidade no caso de coincidir a zona de traballo.

8. As entidades diferentes das confrarías definidas no artigo 3.7 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro e que previamente non sexan titulares dun plan de xestión, deberán presentar os seus estatutos.

9. Nas propostas de plan de xestión deberán figurar todos os contidos establecidos para os plans de xestión que figuran no anexo do Decreto 153/2019, do 21 de novembro.

Serán inadmitidas, logo da correspondente resolución, aquelas solicitudes que non acheguen como mínimo a documentación complementaria que se indica no artigo 56.3 da Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

10. A documentación diferente á indicada ou esixida no modelo do plan allea aos plans de xestión en si (normas e acordos de regulamento interno, de comercialización, etc...), non se considerará documentación do plan. En ningún caso a falta de pronunciamento sobre esta información nas propostas de aprobación dos departamentos territoriais ou da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro significará súa aceptación.

B. CONTIDOS DOS PLANS DE XESTIÓN

1. OBXECTIVOS DO PLAN

De acordo co establecido no Decreto 153/2019, do 21 de novembro, na proposta do plan deberá achegarse a definición dos obxectivos biolóxicos, ecolóxicos e socioeconómicos xerais do plan, xunto cos respectivos obxectivos operacionais, indicadores, niveis de referencia e estratexias que se van utilizar mediante o desenvolvemento do plan para acadar os valores obxectivo anuais.

No plan deberán definirse canto menos un obxectivo xeral de cada categoría (biolóxicos, ecolóxicos e socioeconómicos). En todo caso deberá definirse algún obxectivo biolóxico en base á saúde dos stocks explotados e/ou na avaliación do volume do stock das especies.



Todos os obxectivos biolóxicos estándar definidos no formulario web pexmar para a elaboración dos plans e no formulario- guía para a definición dos obxectivos e estratexias relacionadas (arquivo .xls) encádranse na saúde dos stocks explotados e/ou avaliación do volume do stock das especies.

En relación cos plans de xestión de percebe e as zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón (ZEM), só poderán empregarse os obxectivos biolóxicos e ecolóxicos relacionados con esta cuestión que estean estandarizados.

Os obxectivos xerais de cada categoría (biolóxico, ecolóxico e socioeconómico) e elementos adicionais corresponderanse cos que foron perfilados na fase 1 preparatoria a través do diálogo co persoal técnico da consellería.

En <https://mar.xunta.gal/gl/o-sector/plans-de-xestion-e-biodiversidade> atópanse o formulario e as guías de orientación que facilitaron a elaboración deste apartado.

2. PARTICIPANTES

2.1. Relación de participantes

a) A entidade indicará o número de participantes e presentará nun documento anexo a relación actualizada de todos os permisos de explotación a pé e/ou embarcacións (nome, armador e matrícula, tripulantes-mergulladores habilitados) que participen no plan.

b) No caso dos plans de xestión para algas presentados por entidades de carácter económico recórdase que a recolla só poderá ser realizada polo seu persoal ou os seus socios/as. Incluírse anexo coa relación de participantes.

2.2. Propostas de ampliación de participantes.

O número máximo de participantes, xunto cos días e os topes de captura, conforma o esforzo potencial do plan de xestión.

A entidade propondrá o número máximo de participantes no plan (mariscadores/ as a pé/embarcacións -habilitacións) que se pretenda establecer para cada un dos anos de vixencia, que será a referencia numérica a observar para realizar a correspondentes convocatorias.

No caso de plans de xestión dende embarcación, a entidade poderá propor que a ampliación se realice mediante a incorporación de novas embarcacións e/ou incrementando o número de cotas entre as embarcacións que xa figuran no plan de xestión.

No caso de plans de xestión na modalidade de marisqueo a pé, se durante o desenvolvemento do plan se producisen vacantes definitivas ou temporais (caso da situación de incapacidade



permanente total) e co obxecto de manter o número de participantes, empregarase a lista de reserva, de estar vixente, ou en caso contrario, iniciarse un novo proceso selectivo. Todo isto, sen prexuízo de que tivera lugar unha modificación nas circunstancias da explotación, que motivase unha adaptación.

As persoas en situación de suspensión do permiso por incapacidade permanente total e absoluta de carácter revisable deberán incluírse na relación de participantes, sen prexuízo de que podan ser consideradas vacantes á efectos do outorgamento de novos permisos e darse o caso de superar o número máximo establecido.

No caso dos plans de xestión de marisqueo a pé de recursos específicos que se propoñan como complemento para un sector de marisqueo a pé (xeral ou de recursos específicos) xa existente na entidade, deberá xustificarse no plan a situación social deste sector e todas aquelas circunstancias necesarias que permitan valorar a petición.

2.3. Planificación dos procesos selectivos para incorporar novos participantes.

Os procesos selectivos poderán iniciarse dende a data de aprobación do plan de xestión. Na proposta do plan indicarse o semestre do ano de preferencia para o inicio dos procesos selectivos.

Deste xeito, os departamentos territoriais poderán iniciar de oficio os procesos selectivos, o que redundará nunha maior axilidade na incorporación dos novos permisos aprobados. Todo isto, sen prexuízo de que con anterioridade ao inicio do proceso, tivera lugar unha modificación das circunstancias da explotación, que motivase unha adaptación.

3. EVOLUCIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN

3.1 Os datos de evolución da produción e ingresos nos últimos 5 anos do plan terán que presentarse de acordo co anexo 3_Evolución da produción (Impresión da folla RQ da última versión do AT2), que figura no enlace <https://mar.xunta.gal/gl/o-sector/plans-de-xestion-e-biodiversidade>

3.2 Os datos actualizados de seguimento do plan deberán estar dispoñibles na ftp do Intecmar (<ftp.intecmar.gal>) nas correspondentes follas AT.

4. AVALIACIÓN DOS RECURSOS

4.1 Para unha avaliación completa do recurso incluírse a seguinte información:

- a) Estudos realizados, datas de mostraxe e tipo de mostraxe realizada.
- b) Metodoloxía da mostraxe ou estimación do stock, metodoloxía para a estimación do stock comercial probable e da estimación de capturas para o primeiro ano de vixencia do plan.



c) Estimación do rendemento esperado por especie

4.2 Recoméndase que a información que se inclúa na proposta do plan relativa ao seguimento das mostraxes realizadas non se estenda máis alá dos últimos 5 anos.

4.3 Nos plans de xestión que se presenten por primeira vez ou para aqueles plans existentes que incorporen novas especies ou novas zonas, a avaliación do recurso será un requisito necesario para valorar a solicitude presentada.

4.4. Os resultados das mostraxes de referencia para a elaboración dos plans deberán estar incorporados na ftp do Intecmar a través da correspondente folla AT0.

4.5. A avaliación do recurso deberá ser representativa do ámbito que se pretende explotar. En caso contrario o ámbito do plan adaptarase ás zonas nas que existe unha avaliación do recurso que xustifique que poden ser explotadas.

5. PLAN DE EXTRACCIÓN E MEDIDAS DE CONSERVACIÓN: APARTADOS COMÚNS A TODOS OS RECURSOS ESPECÍFICOS.

5.1 Ámbito do plan e zonas de traballo

a) Deberán aparecer claramente identificados o ámbito do plan, os bancos, as especies e superficies que se pretenda explotar. Os bancos identificaranse preferentemente co nome local e co código asignado en Sigremar.

No caso de que a zona de traballo se subdivida en sectores, recoméndase o uso dos números arábigos (1, 2, ...) en lugar dos números romanos (I, II,...) para a denominación das subzonas de traballo.

A actividade marisqueira poderá desenvolverse en todo o ámbito do plan, sen prexuízo da definición concreta de bancos que se poda establecer dentro do ámbito.

b) Os mapas dispoñibles na páxina <http://ww3.intecmar.gal/Sigremar/> son os que deben incorporarse aos plans de xestión como anexo. Para facilitar a súa consulta deben imprimirse na capa Galicia con indicación da toponimia e os códigos dos bancos.

Toda nova información xeográfica, cando sexa posible, deberá ser remitida tamén en formato dixital .shp ou .kmz.

c) A definición de novos bancos ou zonas deberá propoñerse a través do plan de xestión que se presenten. Neste caso deberá indicarse:



A proposta de nome para o banco e as especies existentes, unha avaliación do recurso, así como achegar as coordenadas cartográficas e DATUM que definen os vértices dos novos bancos, con preferencia polo ETRS89 (European Terrestrial Reference System 1989).

Se se trata de novas zonas ou bancos, con respecto ao aprobado en plans de xestión anteriores, que estean en zonas de libre marisqueo deberá incluírse o informe das entidades que podan estar interesadas na mesma zona de traballo, se ben de ser o caso, poderá ser tido en conta que xa existan plans de xestión doutros recursos específicos aprobados á entidade no caso de coincidir a zona de traballo.

A inclusión, no seu caso, será aceptada xunto coa aprobación do plan de xestión. Unha vez aprobado o plan de xestión, o Servizo de Xestión dos Recursos Marisqueiros daralle traslado ao Servizo de Planificación para a súa visualización en Sigremar.

d) As modificacións de bancos poderán realizarse durante o desenvolvemento dos plans de xestión co mesmo procedemento que o establecido na letra c).

e) No caso de presentarse plans de xestión separados para as modalidades de marisqueo a pé e a flote, con carácter xeral non poderá haber coincidencia nas zonas de traballo.

f) Deberá facerse especial atención a que non existan solapamentos cos ámbitos de traballo doutros plans de xestión.

5.2 Horario de traballo

Indicarase o horario proposto para desenvolver a actividade extractiva.

Lembrase que o horario de traballo de marisqueo a pé será desde dúas horas e media antes ata dúas horas e media despois da baixamar diúrna, tendo como tope as 18.00 horas (artigo 147 do Decreto 15/2011). As limitacións con respecto a este horario que se pretendan establecer no plan de xestión estarán debidamente xustificadas para que podan ser avaliadas polo persoal técnico.

5.3. Uso de artes/técnicas de traballo

Cando se pretendan establecer restricións ao uso dunha arte autorizada no que respecta á zona e/ou á época do ano na que se vaia a empregar ou empregar unha arte con características máis restritivas que as establecidas na normativa, deberá xustificarse de xeito motivado para que dita solicitude poda ser valorada polo persoal técnico.

Cando se pretendan empregar as dúas técnicas de mergullo autorizadas (apnea e subministro de aire desde superficie), detallaranse a zonas de traballo ou bancos para cada modalidade. Nestes casos durante o desenvolvemento do plan realizarase un seguimento de actividade (asistencia e produción) diferenciado segundo a técnica de mergullo.



5.4. Tamaño mínimo de extracción e comercialización:

Cando se pretenda establecer un tamaño mínimo de extracción e comercialización superior ao contemplado na normativa vixente, deberá indicarse no plan de xestión.

No caso das anémones, o tamaño mínimo corresponderá co peso mínimo de extracción.

5.5. Calendario anual previsto de extracción que inclúa o número probable de días.

Deberá facerse con base no histórico do plan, no estado dos recursos e as necesidades do sector.

De ser o caso, indicárase a previsión de realizar actividade extractiva en xornadas diferentes das de carácter xeral (de luns a venres), de acordo co establecido no artigo 6 e no preámbulo do Decreto 153/2019, do 21 de novembro.

5.6 Cotas de captura por especie previstas por participante e día

As cotas de captura contéplanse de forma diferenciada no caso dos plans de xestión de percebe pola posibilidade de propoñer para este recurso cotas brutas e netas.

Diferenciaranse os topes diarios de captura para cada modalidade de acceso ao recurso, a pé ou embarcación. Lémbrese que os topes de captura por tripulante no caso de plans de xestión de recursos específicos con técnicas de mergullo, só se incluírán nos plans que o teñan aprobado dende o inicio da actividade.

5.7. Puntos de control

a) Datos xerais

Os puntos de control son elementos imprescindibles dos plans de xestión. Neles, o persoal responsable do control realizará a revisión das capturas realizadas por cada participante en cada xornada de extracción, asegurando o cumprimento da normativa e das condicións de extracción autorizadas:

- Especies autorizadas
- Topes de extracción
- Tamaños de captura
- Horario de traballo

Polo tanto, deberá indicarse:

1º. A súa situación, presentado un anexo coas coordenadas xeográficas e o DATUM da situación dos puntos de control, plano da súa localización e descrición dos límites no caso de ser necesario.



2º. As persoas responsables e sistema de funcionamento, de acordo coa información solicitada no formulario de modelo do plan, que inclúe:

- Responsables e participantes
- Carácter permanente ou rotatorio das persoas no punto de control
- Elección e comunicación ás persoas participantes no punto de control.
- Control das persoas destinadas ao punto de control, de ser o caso.
- Número das persoas que participan nos puntos de control.
- Horarios.
- Sistema de control dos topes de capturas e tamaños (manual, con clasificadora ou ambos).
- Sistema de transporte do marisco da zona de produción-punto de control á lonxa.
- De ser o caso, compensación das persoas que participan nos puntos de control.
- Breve descrición de outra información de interese que se considere.

6. PLAN DE EXTRACCIÓN E MEDIDAS DE CONSERVACIÓN: PARTICULARIDADES PARA DETERMINADOS RECURSOS ESPECÍFICOS .

6.1 PLANS DE XESTIÓN DE PERCEBE:

a) En relación co ámbito territorial do plan e zonas de traballo:

1º. O plan de xestión presentarase para a zona de produción comprendida dentro do ámbito territorial da entidade interesada. Non obstante, se os propoñentes foxen titulares dunha autorización de explotación deste recurso, a proposta do plan de xestión incluírá a zona de autorización, podendo superar o seu ámbito territorial.

2º. Poderá presentarse un plan de xestión cuxa zona de produción comprenda parte do ámbito territorial doutra entidade, sempre que esta última o autorice expresamente.

3º. No suposto da elaboración dun plan de xestión conxunto entre dúas ou máis entidades, a zona será a comprendida na totalidade ou parte dos seus ámbitos territoriais, segundo o acordo alcanzado e ratificado polas partes.

4º. Os plans de xestión dunha entidade nos que se pretendan modificar os límites existentes entre zonas de traballo dos sectores de marisqueo a pé e dende embarcación requirían de previo acordo dos distintos colectivos e, de ser o caso, das agrupacións sectoriais constituídas antes da presentación do plan.

5º. Condicións para a inclusión de zonas ZEM nos plans de xestión de percebe como medida de protección e conservación do recurso obxecto do plan:



5.a. Determinar as zonas concretas do ámbito do plan de xestión nas que existen percebe e semente de mexillón e nas que resultan posibles friccións entre a explotación de ambos recursos, e que se pretendan reservar para a explotación exclusiva de percebe. Polo tanto, estas zonas serían ZEP. Para iso, é necesario:

- i. Xustificar que no ámbito do plan hai zonas intermareais concretas nas que coexisten a explotación de percebe e semente de mexillón e que existen posibles diverxencias ou friccións na extracción de ambos.
- ii. Delimitar mediante coordenadas xeográficas e DATUM, con preferencia ETRS89, as zonas intermareais concretas que se pretenden reservar para zonas ZEP dentro do ámbito do plan de xestión. Describir as zonas, incluíndo toponimia e límites, e elaborar plano da súa localización.
- iii. Delimitar mediante coordenadas xeográficas e DATUM, con preferencia ETRS89, as zonas ZEM dentro do ámbito do plan de xestión. Describir as zonas, incluíndo toponimia e límites, e elaborar plano da súa localización.

Nestas zonas ZEM é compatible a explotación de percebe e semente de mexillón.

5.b. Xustificar a importancia produtiva do percebe nas zonas ZEP, polo menos mediante un dos seguintes criterios:

- i. Zonas de percebe clasificadas como alta ou moi alta calidade de acordo cos criterios establecidos en documentos de referencia².
- ii. Importancia da explotación de percebe, polo menos mediante un dos seguintes criterios:
 - 1) Elevada proporción de produto extraído no plan procedente das zonas (% Kg).
 - 2) Elevada proporción dos ingresos totais do plan procedente das zonas (% €).
 - 3) Elevada frecuencia de xornadas de extracción nesas zonas (% días).
- iii. Elevada abundancia das poboacións de percebe segundo a porcentaxe de cobertura en substrato rochoso obtida.³

5.c. Xustificar a proporcionalidade da medida para a protección do recurso que garanta os intereses concorrentes mediante a fórmula que se estime conveniente.

²Parada, J.M.; Outeiral, R.; Iglesias, E. & Molares, J. 2014. Procedimiento estandarizado para la evaluación de stocks de percebe. Procedimiento de trabajo. Consellería do Mar. Procedemento CIMA-RM2-2024/01. 30 pp. <https://doi.org/10.5281/zenodo.11241558>

³Parada, J.M, Outeiral, R, Iglesias, E, and Molares, J. 2012. Assessment of goose barnacle (*Pollicipes pollicipes* Gmelin, 1789) stocks in management plans: design of a sampling program based on the harvester's experience. -ICES Journal of Marine Science, 69:1840-1849. Corrigendum ICES Journal of Marine Science (2013), 70(1), 244.



5.d. Establecer o seguinte obxectivo ecolóxico para as zonas ZEP e realizar o seguimento do mesmo conforme o sistema de seguimento desenvolvo polo CIMA de afectación do intermareal rochoso por extracción de cría de mexillón nos plans de xestión de percebe con zonas de explotación exclusiva de percebe⁴:

Obxectivo Xeral	Obxectivo operacional	Indicador	Variable
Manter a integridade do solo mariño	Minimizar a presenza de substrato nú	Cobertura de rocha núa	Cobertura (%)

A adopción deste obxectivo é compatible coa definición doutros obxectivos ecolóxicos para o plan.

5.e. No caso de plans de xestión de percebe que tiveran zonas ZEM e ZEP no período 2022-2024, ademais das condicións establecidas nos apartados anteriores, teranse en conta:

- i. No caso de ter establecidos obxectivos biolóxicos ou ecolóxicos estandarizados relacionados con esta medida, valoración e resultado do seguimento dos mesmos.
- ii. A recollida de información e presentación de informes conforme o sistema de seguimento desenvolvo polo CIMA mencionado no número 4º.
- iii. Información sobre o seguimento da cobertura (%) de percebe nas zonas ZEP ou outras variables empregadas na avaliación do stock co obxecto de coñecer a evolución do recurso nas zonas.

b) Extracción específica de percebe alongado

No suposto de que as entidades decidan incluír no plan de xestión de percebe a extracción específica do percebe alongado debe terse en conta que esta extracción farase de forma diferenciada e separada da explotación "habitual" do percebe.

Para o primeiro ano, a proposta deberá xustificarse e incluír a seguinte información para a súa valoración:

- Identificación das zonas e épocas e días máximos nos que se levaría a cabo.
- Cota máxima de captura por percebeiro-a/día e embarcación, de ser o caso.

⁴ No-Couto, E & Parada, J.M 2022. Proposta para o establecemento dun sistema de seguimento da afectación do intermareal rochoso por extracción de cría de mexillón nos plans de xestión de percebe con zonas de explotación exclusiva de percebe (ZEP). Xunta de Galicia. Consellería do Mar. Informe técnico - biolóxico CIMA_RM2_2021_02.

No-Couto, E Parada, J.M. & Abella, E. 2022. Guía para a estimación rápida de porcentaxe de rocha raspada por extracción de cría de mexillón en intermareal rochoso. Xunta de Galicia. Consellería do Mar. Protocolo de traballo: PRO_CIMA_2022_01.



Para o resto do período, poderá presentarse proposta motivada que conteña a mesma información ante o departamento territorial durante o desenvolvemento do plan de xestión

c) Puntos de control: Información adicional no caso dos plans de xestión de percebe que propoñen topes brutos e netos:

A explotación do percebe ten unha organización variada segundo a entidade ou agrupación, as características das zonas de traballo e modalidades de extracción. Nalgúns plans de xestión se propoñen topes brutos de captura, sen embargo esta medida require dunha organización por parte do colectivo que non desvirtúe a súa finalidade. Por este motivo, determínanse unha serie de medidas que, entre outras, considéranse axeitadas á hora de valorar o establecemento de topes brutos, e que as entidades ou agrupacións deberán ter en conta á hora de organizar a explotación:

1º. Dispor de puntos de control próximos ás zonas de captura e que funcionen axeitadamente.

2º. O emprego de salabardos de igual capacidade para todos os integrantes de cada plan. Os salabardos serán precintados obrigatoriamente no punto de control para o seu traslado á unha zona para a selección e limpeza (lonxa ou instalacións da confraría), agás que a lonxa se atope nas inmediacións do punto de descarga, e o percebe se traslade directamente da embarcación a lonxa para a súa selección e limpeza baixo a supervisión dos vixilantes ou persoal responsable.

3º. No caso de acceder a extracción dende embarcación, o punto de control poderá realizarse no peirao de descarga, en función da extensión da zona de traballo, o elevado número de participantes, as restricións de horario aprobadas, ou se as condicións da zona de traballo dificultan a súa realización en embarcación.

4º. Que a selección e limpeza do percebe se faga nunha zona controlada, de xeito que a realización desta labor sexa susceptible de control.

5º. A remisión dos datos obtidos no punto de control á lonxa (ticket, folla control, medios informáticos...) e a disposición destes datos polo persoal técnico dos departamentos territoriais, para poder efectuar o seguimento da explotación.

6º. A redución do tempo de extracción por xornada establecido no Decreto 15/2011 para evitar o exceso de capturas que finalmente non serán comercializadas.

7º. Descrición do seguimento (preferiblemente técnico) que se realizará da cantidade e características dos exemplares que xustifique mantemento do tope bruto proposto.



6.2 PLANS DE XESTIÓN DE SOLENIDOS

Puntos de control: Información adicional para plans de xestión de solénidos con mergullo con subministro de aire dende superficie

Cando a extracción de solénidos se vaia realizar con mergullo con subministro de aire dende superficie, de cara a garantir a efectividade dos mecanismos de control sobre o esforzo pesqueiro, será necesario que as entidades titulares dos plans presenten, un plan de control tal que permita avaliar os medios e medidas empregadas para garantir o control do esforzo pesqueiro en cada momento e poñerlle límite, de ser o caso.

As condicións mínimas que debe cumprir o antedito plan de control son as seguintes:

Os datos da explotación do período inmediatamente anterior necesarios para o seguimento e xestión dos bancos deberán ser achegados xunto coa solicitude de apertura, de acordo coas indicacións da consellería. Non será necesaria a achega destes datos sempre e cando estean dispoñibles na páxina de seguimento técnico habilitada para a consulta desta información no modelo actualizado, que é o método obrigatorio de intercambio de datos cando a entidade dispón de persoal técnico.

1º. O punto de control deberá estar localizado na zona onde se vai a desenvolver a actividade e deberá estar constituído cando menos por unha embarcación co número de persoas necesario para garantir o seu correcto funcionamento. Con cada solicitude de apertura deberá indicarse o nome e matrícula da embarcación responsable do control así como das persoas encargadas do control.

2º. No punto de control deberá verificarse o cumprimento das cotas de capturas, tamaños mínimos, zona e tempos de permanencia na zona das diferentes embarcacións participantes. O exceso de captura con respecto ás cotas máxima autorizadas deberá ser devolto inmediatamente ao mar.

3º. No punto de control pesarase e precintarase o produto extraído. Os datos obtidos (ticket, folla control, medios informáticos....) serán remitidos á lonxa e postos a disposición do persoal técnico dos departamentos territoriais, para poder efectuar o seguimento da explotación.

6.3 PLANS DE XESTIÓN DE POLIQUETOS

a) En relación co ámbito do plan e zonas de traballo:

1ª. Cando a zona de traballo do plan de xestión presentado supere o ámbito territorial da entidade solicitante, deberase contar co informe favorable da confraría/ entidade asociativa en cuxo ámbito pretende desenvolverse.

2ª. No caso de plans de xestión a pé, a entidade poderá indicar as zonas de reserva para a extracción de poliquetos polos pescadores de lecer anexando a cartografía de ditas áreas.



A proposta de supresión ou modificación dalgunha das zonas xa autorizadas deberá estar motivada. Tanto a incorporación de novas zonas como a modificación das existentes deberá ser identificada mediante coordenadas xeográficas e o DATUM.

Se a entidade non indica o contrario na solicitude do plan de xestión, as zonas de reserva para a extracción de poliquetos polos pescadores de lecer que foron establecidas nos plans aprobados para o período 2022-2024, manteranse no trienio 2025-2027.

b) En relación coa utilización de embarcación en determinadas zonas:

Poderán contemplarse zonas de traballo nas que, por motivos de seguridade, non se empregue unha embarcación para o exercicio da actividade. Ditas zonas deberán aparecer claramente identificadas no plan presentado. Non obstante, a súa aprobación quedará supeditada a autorización da Administración marítima competente en materia de seguridade.

c) Artes ou técnicas de extracción:

Indicarase a arte ou técnica de extracción que se emprega para cada especie.

d) Cotas de captura:

Poderanse establecer equivalentes volumétricos como cotas de captura.

6.4 PLANS DE XESTIÓN DE ALGAS

En relación aos plans de xestión de algas, de conformidade coa normativa aplicable:

a) As entidades de interese colectivo terán acceso preferente á conservación e explotación sustentable das algas, no marco de plans de xestión.

b) No caso de plans presentados por entidades de carácter económico que se soliciten por primeira vez ou fosen denegados con anterioridade:

- O ámbito do plan non incluírá zonas explotadas por entidades de interese colectivo, entendéndose que ese espazo inclúe tanto a franxa intermareal como a submareal.
- No caso de existir coincidencia de zonas entre plans que se presenten por primeira vez por ambos tipos de entidades, as entidades de carácter colectivo terán acceso preferente.
- As entidades de carácter económico deberán figurar de alta no Rexistro Galego de Empresas Halioalimentarias, como requisito para a aprobación do plan de xestión de algas.



7. ACCIÓNS DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO, RECUPERACION OU MELLORA DOS HABITATS E ZONAS DE PRODUCCIÓN

Deberá definirse o tipo de actividade, as épocas e zonas de actuación previstas, así como a metodoloxía a empregar (epígrafe 5.1 do modelo).

Ademais, no plan de xestión incluírase una breve descrición dos seguinte apartados (epígrafe 9.5 do modelo) que será axustada á información solicitada dos aspectos organizativos:

- Persoas responsables da organización dos traballos
- Sistema para establecer as quendas dos traballos
- Forma de comunicación dos traballos aos interesados
- Forma de control da realización dos traballos
- Sistema de xustificación para as persoas que desenvolvan os traballos

A información contida nos epígrafes 5.1 e 9.5 non deberá ser repetida.

As accións de control de depredadores ou especies exóticas/invasoras deberán figurar axeitadamente planificadas na proposta de plan, debendo figurar como mínimo o denominación común e científica da especie, a metodoloxía, zonas, épocas, especies obxecto de control.

Lembrase que debe existir coherencia entre estas medidas e os obxectivos ecolóxicos plantexados no caso de coincidir. Por exemplo, cando entre as estratexias propostas para os obxectivos ecolóxicos se inclúan accións como a recollida de lixo, estas accións deberán figurar tamén recollidas no epígrafe correspondente do apartado "Operacións de recollida de lixo mariño" do epígrafe 5.1 do formulario modelo do plan.

Cando se desenvolvan accións de conservación, mantemento, recuperación ou mellora dos hábitats e zonas de produción debe indicarse se os traballos son obrigatorios e se computan para a renovación do permiso de explotación de marisqueo a pé ou da modalidade de recursos específicos da embarcación.

8. ACCIÓNS DE COIDAD, CONTROL, SEGUIMIENTO, PROTECCIÓN E VIXILANCIA DOS BANCOS MARISQUEIROS

Cando se desenvolvan accións de, control, seguimento protección e vixilancia dos bancos marisqueiros debe indicarse se os traballos son obrigatorios e se computan para a renovación do permiso de explotación de marisqueo a pé ou da modalidade de recursos específicos da embarcación.

No plan de xestión incluírase una breve descrición dos seguinte apartados (epígrafe 9.9 do modelo) que será axustada á información solicitada dos aspectos organizativos:



- Persoas responsables da organización dos traballos
- Organización dos traballos de vixilancia profesional
- Vixilancia informativa polos mariscadores:
 - Épocas
 - Sistema de establecemento das quendas de traballos
 - Forma de comunicación dos traballos aos participantes
 - Control da realización dos traballos polos interesados
 - Sistema de xustificación para as persoas que desenvolvan os traballos

A información contida no epígrafe 5.2 e 9.9 non deberá ser repetida.

9. MEDIDAS ESPECIFICAS PARA ELIMINAR PRÁCTICAS DE PESCA ILEGAIS (INDNR)

No apartado 5.4 describíranse aquelas medidas cuxa aplicación a través do plan contribúe a previr, desalentar e eliminar a pesca ilegal, non declarada e no regulamentada (pesca INDNR).

Estas medidas poden referirse tanto a actividades de formación destinadas a participantes do plan ou a terceiros, así como ao de control da actividade:

- Accións de control para a aplicación das medidas de explotación e conservación aprobadas pola entidade.
- Medidas para a declaración adecuada de capturas
- Medidas para previr a actividade ilegal de terceiros que non pertencen á entidade.

Recoméndase que se preste atención a este apartado porque moitas accións que se desenvolven no marco do plan poden encadrarse nestas medidas específicas, por exemplo o establecemento de puntos de control, accións de vixilancia por gardapescas ou vixilancia informativa por persoas mariscadoras, formación para evitar prácticas de pesca ilegal, etc.

10. INFORMACIÓN AMBIENTAL DO PLAN

No plan incorporárase información relativa aos indicadores que se empregarán para avaliar a consecución do bo estado ambiental da zona, de acordo coa directiva marco da estratexia mariña (DMEM) e coas actuacións de protección e recuperación da biodiversidade contempladas no programa para o FEMPA.

A información contida nos indicadores e os resultados poden ser entregados ao longo do ano de vixencia dos plans de xestión. Deste xeito, os resultados dos indicadores e a información asociada non serán incluídos nos plans de xestión. No seu lugar, incluírase unha Avaliación da Información Ambiental do plan en forma de táboa resumo dos indicadores completados ata a data de presentación do plan e dos que se completarán ao longo do período de vixencia desta.



Lembrese que cando se cumprimente a táboa relativo ós indicadores ambientais (anexo 6.2.1) non se cubran os cadros sombreados.

11. PERSPECTIVA SISTÉMICA

Indicarase a relación do plan con cada un dos compoñentes da perspectiva sistémica: biodiversidade, uso do territorio, cambio climático e infraestrutura verde (azul, no medio mariño).

En <https://mar.xunta.gal/gl/o-sector/plans-de-xestion-e-biodiversidade> figura unha guía para a valoración da perspectiva sistémica dos plans de xestión, que contén o marco conceptual de cada un dos catro compoñentes da perspectiva sistémica. Na guía inclúense as definicións dos diferentes conceptos, así como as variables de cada concepto a ter en conta á hora de avaliar os plans dende o punto de vista da perspectiva sistémica.

Na guía de avaliación da perspectiva sistémica tamén se amosan algúns exemplos de accións tipo dentro dos plans de xestión. Non se trata dunha revisión exhaustiva senón de amosar exemplos de aplicabilidade da guía ás accións máis comúns que poderían conter os plans de xestión.

12. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA UNHA MELLOR XESTIÓN E CONSERVACIÓN DOS RECURSOS

Na proposta poderase contemplar a realización de accións formativas para unha mellor xestión e conservación dos recursos marisqueiros dirixidos ás persoas mariscadoras, así como actividades de diversificación da actividade marisqueira.

No plan deberá especificarse a temática das actividades e as persoas encargadas de impartilas ou de levalas a cabo.

Lémbrese que cando entre as estratexias propostas para os obxectivos biolóxicos, ecolóxicos ou socioeconómicos se inclúan a accións formativas para unha mellor xestión e conservación dos recursos, estas deberán figurar tamén recollidas no apartado 5.3 de "*Accións formativas*" do plan.

13. ACTIVIDADES DE DIVERSIFICACIÓN DA ACTIVIDADE MARISQUEIRA COA FORMULA DE TURISMO MARIÑEIRO

Ao abeiro do plan de xestión poderán desenvolverse actividades de turismo mariñeiro de acordo co recollido nos artigos 112 e 113 da Lei 11/2008 de Pesca de Galicia.

De ser o caso, a entidade realizará unha descrición das actividades, da súa organización e do modo de control e xustificación para as persoas mariscadoras que as desenvolvan. A achega desta información será necesaria para que o exercicio das xornadas dedicadas ao turismo mariñeiro por parte dos participantes do plan que coincidan con xornadas de extracción poda computar aos efectos de cumprir os requisitos de actividade suficiente para a renovación dos permisos de



explotación a pé e das modalidades de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.

14. PRESCRICIÓNS ESPECÍFICAS PARA A RENOVACIÓN DAS HABILITACIÓNS

Os plans de xestión para recursos específicos poden incluír prescricións específicas para a renovación das habilitacións. Estas prescricións deben especificarse como tales no apartado específico do formulario, para poder ser valoradas axeitadamente.

15. PLAN FINANCEIRO

O plan financeiro reflectirá os gastos e ingresos necesarios para as actuacións incluídas no plan, é dicir, para o sostemento do plan e, polo tanto, para a súa viabilidade.

16. VALORACIÓN

16.1 Para axustarse ao establecido nos puntos 2 e 3 do artigo 18 do Decreto 153/2019, os **departamentos territoriais emitirán as propostas avaliadas** das condicións dos plans de xestión que remitirán por correo electrónico ás entidades solicitantes, que poderán **achegar alegacións ao Servizo de Xestión dos Recursos Marisqueiros nun prazo máximo de 5 días naturais, á seguinte dirección: servizo.marisqueo@xunta.gal.**

16.2 Cando os contidos das propostas dos plans de xestión non se axusten ao disposto na normativa vixente, ou non sexa viable por contradicir os criterios do persoal técnico da administración, poderán introducirse as modificacións que se estimen oportunas para acadar unha explotación máis racional dos recursos.

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Marta Villaverde Acuña
(Sinatura electrónica)

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO
Rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños
15701 Santiago de Compostela
Teléfono 981 546 177
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

